



# **ADDENDA II DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: IES de Quiroga**

**CURSO: 1BAC**

**MATERIA: Tecnoloxía da Información e comunicación**

**DEPARTAMENTO: Tecnoloxía**

**DATA: 12/05/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

	<i>Páxina</i>
<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS</b>	<b>1</b>
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>	<b>2</b>
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	<b>4</b>

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS

Estes criterios e estándares están sendo traballados no terceiro trimestre de xeito telemático e polo tanto só se terán en conta para subir nota na terceira avaliación. Por suposto, estes criterios e estándares non serán esixíbeis na avaliación extraordinaria de setembro.

CRITERIOS	ESTÁNDARES
<b>Bloque 3. Software para sistemas informáticos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.1. Deseña bases de datos sinxelas e/ou extrae información, realizando consultas, formularios e informes.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.4. Resolve problemas que requiran a utilización de follas de cálculo, xerando resultados textuais, numéricos e gráficos.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B3.1.6. Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia.</li> </ul>
<b>Bloque 4. Redes de computadores</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Analizar a función dos equipos de conexión que permiten realizar configuracións de redes e a súa interconexión con redes de área extensa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.2.1. Realiza unha análise comparativa entre os tipos de cables utilizados en redes de datos.</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B4.2.2. Realiza unha análise comparativa entre tecnoloxía con fíos e sen eles, e indica posibles vantaxes e inconvenientes.</li> </ul>
<b>Bloque 5. Programación</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Aplicar algoritmos á resolución dos problemas máis frecuentes que se presentan ao traballar con estruturas de datos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ TIC1B5.1.1. Desenvolve algoritmos que permitan resolver problemas aritméticos sinxelos, elaborando os correspondentes diagramas de fluxo.</li> </ul>

**2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

<b>AVALIACIÓN</b>	
<b>PROCEDEMENTOS</b>	<b>INSTRUMENTOS</b>
Bloques temáticos de prácticas guiadas.	Realizaranse talleres de informática guiados. Cada bloque de avaliaráase entre 0 e 10 segundo. Cada unha das prácticas avaliaranse como feita ou non feita e a nota de cada bloque de prácticas será calculada do seguinte xeito: <b><math>(N^{\circ} \text{ prácticas correctas} * 10) / N^{\circ} \text{ prácticas totais}</math></b>
Test e cuestionarios	Cuestionarios feitos a través do Google Forms, actividades feitas no caderno e enviadas por correo electrónico. Avaliaranse cunha nota entre 0 e 10

<b>CUALIFICACIÓN</b>	
<b>Cualificación final</b>	<p><b>3ª AVALIACIÓN :</b> Anota da 3ª avaliación será a media das notas de cada bloque de prácticas, cuestionario e test. A nota será entre 0 e 10.</p> <p><b>AVALIACIÓN ORDINARIA</b> A nota final calcúlase do seguinte xeito: <b><math>(\text{media aritmética da } 1^{\text{a}} \text{ e } 2^{\text{a}} \text{ avaliación}) + 0,2 * (\text{Nota } 3^{\text{a}} \text{ Avaliación})</math></b></p> <p><b>ALUMNADO COA 1ª E/OU 2ª AVALIACIÓN SUSPENSAS OU NON RECUPERADAS:</b></p>

	<p>As persoas que teñan suspenso a primeira e/ou segunda avaliación terán unha ou máis probas escritas telemáticas de recuperación e ademais entregaran previamente un Pack de actividades de reforzo.</p> <p>A nota da recuperación calcularase do seguinte xeito: (Nota media das probas*0,6 + Nota media dos Packs actividades*0,4)</p> <p>No caso de non poder realizar as probas telemáticas , avaliaranse unicamente as actividades de reforzo supoñendo estas o 100% da nota.</p> <p>No caso de obter unha nota igual ou superior a 5, substituirase a media aritmética das mesmas pola nota que tiñan adquirida na primeira avaliación e/ou na segunda avaliación.</p> <p>E para o cálculo da cualificación final aplicaráselle o mesmo procedemento que ao resto de alumnado.</p> <p>No caso de non chegar ao 5 nas de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, a nota final non será superior a 4.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>O alumnado coa materia suspensa na convocatoria ordinaria (xuño) terá dereito a unha proba extraordinaria e presencial (sempre e cando o permitan as autoridades sanitarias e educativas, se non sería substituído por unha proba telemática) en setembro. Esta proba versaría sobre os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación contemplados na programación didáctica de este departamento.</p>
<p><b>Alumnado de materia pendente</b></p>	<p>Non hai alumnado con materia pendente</p>

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Prácticas guiadas</li> <li>● Actividades de repaso.</li> <li>● Cuestionarios ou probas</li> <li>● Explicacións teóricas a través de vídeos pregravados.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Non hai ningún alumno con imposibilidade de conexión a rede coñecida.</li> <li>● As tarefas son subidas á aula virtual do centro semanalmente, coa posibilidade de preguntar dúbidas sempre que o necesiten a través do correo electrónico e do propio Foro da aula virtual.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Cuestionarios realizados no Google Forms</li> <li>● Correo electrónico</li> <li>● Ordenador / Móbil con conexión a Internet</li> <li>● Excepcionalmente empregárase a ferramenta Cisco Webex Meetings, xa que é preciso ter unha boa conexión a Internet e traballar con grupos moi pequenos ou titorías para a resolución de dúbidas para que sexa efectiva.</li> </ul>

### 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<p>Informarase ao alumnado dos cambios producidos na programación didáctica do departamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A través da páxina web do centro</li> <li>● A través do abalar Móbil, informarase de que a addenda da programación didáctica atópase a súa disposición.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● A través da páxina web do centro.</li> </ul>

*Quiroga, 12 de maio de 2020*

*Asdo.: Belén Armesto Fernández*

*Xefa do departamento de Tecnoloxía*

*IES de Quiroga*